
INTRODUCCIÓN

\ Enrique J. Alcorta Irastorza \
\ M.^a Ofelia Carnero Vázquez \
Dpto. de Arqueoloxía/ Historia do MPE
Comisarios da exposición

Dende a reapertura do MPL en febreiro de 1991, non se organizara ningunha exposición temporal de Arqueoloxía con fondos depositados no Museo. No proxecto que anima ao Museo de dar a coñecer as pezas que conforman as súas coleccións tócalle a quenda agora á Sección de Arqueoloxía e Historia. Xorde así esta exposición que, baixo o título de «ARQUEOLOXÍA 1990-2005» pretende mostrar, dando a coñecer algúns dos materiais procedentes de varias das intervencións arqueolóxicas levadas a cabo nese intervalo de 15 anos e depositados nas zonas de reserva deste centro, algúns aspectos da arqueoloxía da provincia de Lugo dende a prehistoria ata o século XVIII.

Galicia foi unha das primeiras comunidades españolas en contar cun Servizo de Arqueoloxía, creado en 1985, dependente do goberno Autónomo. En 1995 apróbase a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e o 10 de xullo de 1997 o Decreto 199/1997 polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Galega, e que, no seu Capítulo III, artigo 12, especifica:

Os bens materiais procedentes das actuacións arqueolóxicas autorizadas, debidamente sigladas e clasificadas en relación co contexto deposicional e cultural, xunto co seu inventario, así como toda a documentación escrita e gráfica que permita o adecuado tratamento museográfico dos fondos, deberán ser depositados, nos prazos establecidos neste decreto, no museo que a Administración designe na concesión da autorización, tendo en conta a súa proximidade ó lugar do achado e as circunstancias que fagan posible a súa adecuada conservación e a mellor función cultural e científica. Ata que os obxectos sexan entregados nos ditos centros, ó titular da autorización seranlle aplicábeis as normas de depósito legal.

A aplicación desta Lei supón que o Museo Provincial de Lugo sexa o receptor de case todos os depósitos de materiais exhumados nas variadas intervencións arqueolóxicas que se realizan na provincia e das que se fai o oportuno seguimento dende o departamento de Arqueoloxía/Historia do MPL, en canto depositario dos materiais para a súa conservación e difusión dende 1990.

A primeira entrega de materiais procedente dunha intervención realizada a partir de 1990 efectuouse no ano 1991, correspondendo a unha escavación de urxencia realizada en Eirexa, Vilar de Ortelle (Pantón). Nun apartado desta publicación aparece a relación de todas as actuacións arqueolóxicas cuxos materiais foron depositados no MPL, o cal non implica que non se realizasen moitas máis intervencións. No listado especificase o ano da concesión do permiso para a intervención, que non sempre coincide co da entrega dos materiais, así como o arqueólogo director da intervención. Aí pódese comprobar que o último depósito de materiais arqueolóxicos que ingresou no museo é dunha escavación en área efectuada no soar n.ºs 1-3 da rúa Ribadeo da cidade de Lugo, cuxo permiso de concesión de realización é do ano 2004, se ben os materiais se depositaron no 2005.

O ingreso destes fondos arqueolóxicos realizouse ata o ano 2005, data na que como consecuencia da densidade de intervencións arqueolóxicas, a capacidade das dependencias destinadas para a conservación e mantemento adecuado dos depósitos arqueolóxicos viuse saturada.

Dende o 2005 ata a data iníciase unha nova etapa na que o problema radica onde albergar todos os materiais que teoricamente deberían estar depositados neste Museo e que non o están, polas razóns xa expostas de falta de espazo, aínda que agardamos que en breve as Administracións competentes, entendemos que neste caso serían a Xunta de Galicia, xa que todos os materiais procedentes das intervencións arqueolóxicas son depósitos do devandito organismo, e a Deputación Provincial, da que depende o MPL, encontren unha solución satisfactoria, quizais con naves específicas destinadas a áreas de reserva, convenientemente acondicionadas para este fin.

É esta unha das razóns que nos levou a titular esta exposición co nome de «ARQUEOLOXÍA 1990-2005», coa que, en primeiro lugar, queremos dar a coñecer o patrimonio arqueolóxico da provincia e que a mostra se convertese nun centro

de referencia que achegase a arqueoloxía ao público. Ademais, parecíanos o momento oportuno para facer chegar ao público o incremento do patrimonio arqueolóxico da sección producido durante os 15 anos que median entre ambas as dúas datas, así como expoñer unha selección das pezas máis significativas ou inéditas para mostrar a evolución da nosa cultura material ata case os nosos días.

Hai que aclarar que algunhas destas pezas seleccionadas non son descoñecidas para o visitante do museo, xa que dende o momento do seu ingreso nesta institución pasaron a formar parte da súa exposición permanente, tal é o caso dos mosaicos procedentes da rúa Bispo Armanyá (o figurativo de Dédalo e Pasifae xunto co xeométrico), que entraron no Museo en setembro de 1995, despois de estar custodiados noutras dependencias dende o momento en que se produciu o seu levantamento, posterior ao seu descubrimento en 1986, e que foron restaurados e montados polo taller de restauración Tomos na sala destinada ex profeso para a súa instalación na ampliación do edificio do Museo que se realiza nos anos noventa. Nesta mesma sala atópase a magnífica Estela de Crecente, un dos mellores exemplares da epigrafía funeraria de Galicia, que dende a súa entrada no Museo en outubro de 1996, produto dun achado casual, estivo exposta primeiro no que queda da Sala Capitular e despois de ser restaurada por Tomos, acompañando os mosaicos. Xunto a pezas tan destacadas, tanto polo seu valor patrimonial como polo seu volume, a exposición permanente nútrese con outros obxectos procedentes de depósitos destes anos que contribúen a documentar o discurso expositivo do percorrido das salas de arqueoloxía, así atopámonos con algunha peza de cerámica procedente do Castro de Zoñán que podemos admirar nas vitrinas destinadas á Cultura castrexa, dúas pezas de ouro que se exhiben na Sala do tesouro, ou a maioría dos pesos (*ponderae*) que se utilizan na recreación do tear vertical.

Ata chegar a este momento da presentación da exposición e poder seguir o seu discurso co presente catálogo, o proceso de xestión foi longo e arduo, requirindo da colaboración de varias persoas en diversos campos.

Para iso tivemos que empezar por realizar unha revisión de todos os materiais depositados xunto con toda a información que fora entregada polos arqueólogos, fundamentalmente os inventarios das intervencións o que nos permite realizar un control polo menos numérico dos materiais ingresados, e nalgúns casos as memorias con debuxos das pezas máis destacadas e fotografías do proceso de escavación. Este labor

levounos á visualización dunha gran cantidade de fragmentos de materiais de diversa natureza, os arqueólogos e traballadores de museos familiarizados con estes labores entenderíannos moi ben, dende distintos tipos de cerámica, metais, materiais orgánicos, pétreos etc. Isto permitiunos realizar unha primeira selección de pezas, tendo en conta non só o seu valor de unicidade ou o seu valor estético senón a súa calidade de fonte de información e, en calquera caso, que fose reflexo, pola súa variedade formal, funcional ou decorativa, da actividade humana desenvolvida, de xeito particular, no xacemento de orixe ou, de xeito máis amplo, da etapa cultural á cal está adscrita.

Os materiais, principal punto de apoio desta estrutura expositiva, foron elixidos en función de moitos condicionantes, dende o seu estado de conservación, o seu valor estético e o seu carácter de fonte informativa que nos proporciona noticias ou indicios sobre a procedencia das materias primas, as técnicas empregadas para a súa realización, os coñecementos e sistemas de produción, a súa inserción en circuitos comerciais, así como os usos e funcións aos que foron destinados e, mesmo, os contidos espirituais das sociedades de procedencia.

Isto implica que non sexan só obxectos excepcionais, senón comúns e sinxelos, pero que deben ser entendidos como representativos das respectivas sociedades de orixe. No noso pensamento está que, despois do seu paso por esta mostra temporal e de que comprobáramos a actitude do público ante a súa comprensión, nun futuro a curto prazo poidamos incorporalos á exposición permanente e formularnos unha nova presentación das coleccións de acordo cos modernos criterios da museografía actual.

É evidente que houbo que impoñer un límite no número de obxectos seleccionados para a exposición, pois o volume de materiais superaba con moito a capacidade de poder efectuar un mínimo estudo de cada un deles así como a posibilidade de expoñelos dun xeito didáctico e razoado. Nesta selección tívose en conta o estado de conservación das pezas, e aproveitouse a ocasión para reintegrar algunhas de cerámica cuxos fragmentos encaixaban e restaurar aquelas que estando necesitadas dun proceso de conservación, decidimos que eran parte fundamental da exposición e que non podían faltar na mostra.

Substancialmente, os materiais expostos proceden de intervencións arqueolóxicas, aínda que os fondos arqueolóxicos tamén se enriquecen con gratas sorpresas produto de achados

fortuítos, como é o caso da Estela de Crecente, antes mencionada, ou a escultura togada de Saa, unha das pezas destacada desta selección. Intentamos achegar con esta exposición e esta publicación unha pequena mostra de case todas, ou polo menos boa parte, das intervencións depositadas neste museo dende o 1990 ao 2005.

Aquí permitirásenos unhas observacións. Somos moi conscientes do traballo que hai detrás dunha escavación de campo que constitúe a imaxe habitual da arqueoloxía. Á recorrente estampa do arqueólogo co pinceliño, séguelle un labor calado e ás veces pouco recoñecido, como é a clasificación e estudo dos materiais, que nalgúns casos suporía moitos meses e mesmo anos de traballo, sendo quizais o prazo de seis meses que como máximo concede o decreto 199/1997 para a presentación da memoria e o depósito dos materiais co seu respectivo inventario, un pouco axustado. Pero cremos non faltar á verdade se dicimos tamén que, algunhas veces, as entregas se demoran no tempo, en prazos ás veces moi prolongados. Quizais deberíamos, entre todos, buscar un xeito de emendar esta e outras dificultades que condicionan e limitan as posibilidades de valorizar na súa xusta medida o rico patrimonio arqueolóxico que temos.

A estratexia da exposición baseouse na ampla serie de materiais, case todos inéditos, procedentes dos ingresos das intervencións arqueolóxicas efectuados neses mencionados 15 anos, que atendendo a un criterio cronolóxico non nos pareceu oportuno limitar a un único período de tempo, dada a dilatada cronoloxía dos xacementos obxecto das diversas intervencións, que nos permite mostrar a evolución histórico-arqueolóxica da nosa provincia dende as súas mostras máis temperás, situadas cronoloxicamente no paleolítico inferior, arredor do ano 300.000 B.P. ata as máis tardías que localizamos no século XVIII.

A presentación dos contidos da exposición artículase a través de grandes áreas temáticas que abranguen a idade da pedra lascada, a idade da pedra pulida co fenómeno cultural megalítico, a idade do ferro co fenómeno cultural castrexo, a cultura romana e a idade media e moderna. Nesta orde evolutiva cronolóxica non nos esquecemos do comezo da metalurxia coa idade do bronce, senón que ao longo destes quince anos non se entregaron no museo materiais claramente adscritos a esta etapa.

Como se pode apreciar nesta publicación na parte correspondente á catalogación das pezas e na propia exposición, a cantidade de materiais correspondente aos diferentes períodos

varía moito, e así se ben temos representación do Paleolítico con materiais recollidos de forma casual no Castro de Babela (Distriz, Monforte de Lemos) así como os recuperados na prospección intensiva previa á concesión de licenza para a explotación mineira «Bety» (Vilarmel, Quiroga) e o acondicionamento da estrada LU-651, tramo Quiroga-Folgozo do Courel, o montante total de pezas redúcese a dezanove. É de esperar que coas investigacións e intervencións que se están a levar a cabo nestes últimos anos a partir do 2005 no val de Lemos, nas covas de Valdavara I e II (Becerreá) e en Cova Eiros, a visión modificárase e o número de artefactos pertencentes ás distintas etapas do Paleolítico verase substancialmente incrementado.

A idade da pedra pulida, ou Neolítico, está representada por dous enxovais megalíticos completos procedentes das intervencións que se efectuaron na Medorra da Granxa nos anos 1996 e 1997 e na Medorra 1 da Millarada (Cospeito) no 2000, o cómputo de pezas complétase con outros materiais soltos ata un total de 65 pezas.

Seguidamente apenas nos detemos na Idade do Bronce, que arranca do Calcolítico e se fonde no fenómeno cultural castrexo. Neste bloque, debido ao crecemento desigual das coleccións pertencentes a cada período, pareceunos máis oportuno facer unha selección de obxectos atendendo á súa procedencia que se reflectirá na metodoloxía expositiva coa distribución dos materiais nas vitrinas por xacementos.

Así aparecen representados os castros de Vilela (Taboada), Castro de Rei, castro de Dorra e Seoane (Antas de Ulla), castro de Barán (Paradela), A Torre e Vilar (O Courel), Zoñán (Mondoñedo) e Santa María de Cervantes, abranguendo todo o ámbito xeográfico e utilizando materiais cerámicos, líticos, de ferro e algunhas mostras de adorno que serven para caracterizar a grandes trazos, as fases desta etapa cultural, e a evolución nas formas de vida nos castros, asentamentos fortificados característicos da idade do ferro en Galicia.

As etapas enunciadas ata o momento ocuparían a primeira sala do espazo destinado para as exposicións temporais. Hai que partir do feito de que a situación da exposición, dende o punto de vista físico, ten que adaptarse a uns condicionantes de dimensións e capacidade, distribuída en dúas grandes salas. Co paso á segunda deixamos atrás as etapas prehistóricas ou protohistóricas, vistas dende a definición clásica de sociedades sen escritura e, polo tanto, sen «historia» e pasamos a etapas plenamente históricas.



Introducímonos no mundo da cultura romana, representado aquí substancialmente polos materiais achados no recinto de *Lucus Augusti* en canto expoñente máximo galego dos xacementos arqueolóxicos desta etapa cronolóxica e, polo demais, xacemento amplamente escavado. Neste caso as pezas para a súa distribución na exposición, así como a ordenación das súas fichas no catálogo, non se exhiben por xacemento, sendo como é o recinto intramuros de Lugo un xacemento único, senón por actividades, tanto artesanais como o taller lapicidario ou os materiais latericios, como domésticas con pezas do servizo de cociña, de mesa, téxtil, adorno, xogos, etc., e mesmo, aquelas que rozan o mundo espiritual (relixión, ritos funerarios). O que nos permite recompoñer, dentro duns límites, os modos de vida material e cultural da época.

No caso da cidade de Lugo temos que lamentar que o número de depósitos de materiais recibidos sexa bastante reducido tendo en conta o número de resolucións de depósitos recibidas no MPL, como emanación dos correspondentes permisos de intervencións autorizados pola Xunta de Galicia. Feito que, en definitiva, repercute na variedade e calidade dos materiais expostos.

Dentro desta sala reservouse un espazo para os núcleos secundarios habitacionais da época romana, *villa* e *vicus*, que debían abundar na xeografía provincial e, sobre todo, no ámbito da capital. A diferenza desta, a súa localización rural vén a determinar a categoría e variedade dos materiais recuperados en canto ás dúas primordiais funcións deste tipo de establecementos: o agrícola e o de recreo. Neste caso cos materiais localizados en Quintá da Grade (Chantada), Monte Castelo (Outeiro de Rei) e Agro de Parapar (Barbaín, Lugo), pretendemos informar sobre a vida cotiá nesas asentamentos.

Como remate destes bloques decidimos mostrar algunhas pezas de variada natureza, dende materiais construtivos, como un capitel, pasando por distintas pezas cerámicas cunha procedencia e utilidade dispar, así temos obxectos de Lugo capital, de Becerreá, de Mondoñedo ou de Viveiro.

Pequenos utensilios de bronce ou unha moeda de ouro, unha dobla de banda procedente dunhas sondaxes realizadas en Viveiro, que nos permiten albiscar o período medieval e moderno.

Intentamos facer chegar ao público en xeral, que esperamos se sinta atraído pola exposición, a información que os obxectos poden transmitir do xeito máis didáctico que nos sexa posible, apoiándonos en debuxos, reconstrucións, proxeccións de curta duración na sala destinada para ese fin, etc. e en ocasións puntuais con visitas guiadas.

É moi probable que na parte do catálogo, composto por un total de catrocentas corenta fichas catalográficas, se boten en falta algunhas pezas destacadas procedentes de intervencións ou de achados efectuados neste intervalo de tempo, pero precisamente polo seu carácter de senlleiras son xa de por si coñecidas e obxecto de publicacións, polo que preferimos dar a coñecer primordialmente materiais inéditos, outorgándolle valor ao «fragmento» e aos obxectos sinxelos.

Non queremos rematar esta introdución sen mostrar o noso agradecemento pola colaboración prestada en todo momento polo Servizo de Arquivos e Museos da Xunta de Galicia polas facilidades prestadas para a realización desta tarefa, así como polo feito de asumir o custo dos tratamentos de restauración levada a cabo pola empresa BIC, especialmente pola prontitude nos traballos realizados. Tamén aos directores de escavación e arqueólogos que co seu traballo e esforzo estudaron, analizaron e entregaron os materiais das súas respectivas intervencións. Unha mención especial vai dirixida ao Museo Nacional e Centro de Investigación de Altamira (Cantabria) e á Fundación Ortegalia (Ortigueira, A Coruña), por acceder amablemente a prestarnos materiais didácticos informáticos da súa propiedade.

E, en fin, a cantas persoas e institucións fixeron posible co seu apoio e o seu traballo a realización deste proxecto cuxa finalidade non é outra que a de dar a coñecer e poñer en valor o noso patrimonio arqueolóxico.